


**ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE  
ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON  
DISCAPACIDADE DE OURENSE:  
DISCAFIS-COGAMI**



**DISCAFIS-COGAMI**

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE  
ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON  
DISCAPACIDADE DE OURENSE



## **INDICE**

### **CAPÍTULO I** **DA FEDERACIÓN**

- Artigo 1: Denominación
- Artigo 2: Personalidade
- Artigo 3: Domicilio
- Artigo 4: Duración e ámbito
- Artigo 5: Misión
- Artigo 6: Principios e valores
- Artigo 7: Fins
- Artigo 8: Medios

### **CAPITULO II** **DOS MEMBROS**

- Artigo 9: Dos Membros
- Artigo 10: Dos tipos de membros
- Artigo 11: Dos membros de honra e colaboradores
- Artigo 12: Da dobre afiliación
- Artigo 13: Dos ingresos e baixas
- Artigo 14: Do procedemento de admisión
- Artigo 15: Dos documentos de admisión
- Artigo 16: Do número de membros
- Artigo 17: Dos deberes
- Artigo 18: Dos dereitos
- Artigo 19: Do Réxime disciplinario
- Artigo 20: Da perda de condición de membro

### **CAPÍTULO III** **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- Artigo 21: Dos órganos de goberno
- Artigo 22: Da Asemblea Xeral
- Artigo 23: Delegación
- Artigo 24: Participación na Asemblea
- Artigo 25: Funcións da Asemblea Xeral
- Artigo 26: Clases de Asemblea e a súa convocatoria
- Artigo 27: Dos acordos da Asemblea Xeral
- Artigo 28: Da Xunta Directiva
- Artigo 29: Da duración
- Artigo 30: Da elección da Xunta Directiva
- Artigo 31: Funcións da Xunta Directiva
- Artigo 32: Funcionamento da Xunta Directiva
- Artigo 33: Comisión Permanente
- Artigo 34: Comisión de Ética
- Artigo 35: Da Presidencia
- Artigo 36: Da Vicepresidencia
- Artigo 37: Da Secretaría
- Artigo 38: Da Tesouraría



**CAPITULO IV**  
DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39: Impugnacións  
Artigo 40: Recursos

**CAPÍTULO V**  
DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

Artigo 41: Recursos económicos  
Artigo 42: Cotas  
Artigo 43: Pago de cotas  
Artigo 44: Do orzamento

**CAPITULO VI**  
DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45: Procedemento de Modificación

**CAPITULO VII**  
DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46: Da Disolución  
Artigo 47: Comisión Liquidadora  
Artigo 48: Da Asemblea Xeral no período de liquidación  
Artigo 49: Do Destino dos Bens Resultantes



## **CAPÍTULO I** **DA FEDERACIÓN**

### **Artigo 1** Denominación

Ó amparo do Artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes Estatutos, xérase a entidade denominada Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense; en adiante DISCAFIS-COGAMI.

A DISCAFIS-COGAMI é o resultado da libre vontade das entidades que a integran, ostentando a súa representación no ámbito autonómico, estatal e internacional.

### **Artigo 2** Personalidade

A Federación ten personalidade xurídica propia independente da dos seus membros e conforme ó artigo 35 e seguinte do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes estatutos e nas leis.

### **Artigo 3** Domicilio

O domicilio social da Federación, a efectos legais, queda establecido no CIS Aixiña, na rúa Recaredo Paz nº1 , de Ourense, código postal, 32005 Ourense, teléfono 988.24.87.69, correo electrónico [discafis@cogami.gal](mailto:discafis@cogami.gal)

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de Delegacións noutras localidades dentro da Provincia e de cantos lugares considere adecuados para o normal desenvolvemento da Federación. O traslado definitivo do domicilio social da Federación requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

### **Artigo 4** Duración e ámbito

A Federación constitúese por tempo indefinido, salvo causa legal ou estatutaria de disolución.

O ámbito territorial da Federación é o da Provincia de Ourense, ademais poderá pertencer e actuar con outras organizacións de ámbito autonómico, estatal e internacional.

### **Artigo 5** Misión

É misión da Federación promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade de cara a súa plena integración.



## **Artigo 6**

### Principios e valores

DISCAFIS-COGAMI defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non governamental, de carácter voluntario e poderá solicitar a súa declaración de utilidade pública.

A Federación basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

1. Democracia interna.
2. Solidariedade entre os seus membros.
3. Transparencia na xestión e actuación das entidades
4. Defensa das necesidades xerais por enriba dos intereses particulares.
5. Rexeitar protagonismos e actitudes competitivas.
6. A defensa do grupo social como titulares de dereitos evitando mensaxes sentimentalistas, paternalistas e asistenciais.

Os valores que DISCAFIS-COGAMI propugna son a consideración das persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade na actuación das entidades, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, o compromiso polo conxunto do grupo de persoas con discapacidade.

## **Artigo 7**

### Fins

1. Alcanzar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan desfrutar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.
2. Defensa do dereito a unha forma de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
3. A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
4. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
5. Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir adecuadamente a misión.
6. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
7. Promover a lexislación adecuada que mellore a situación do colectivo.
8. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Federación con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
10. Representar os seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan conseguir equilibrios interterritoriais en calidade e servizos
12. Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
13. Desenvolver programas e actividades dentro da propia discapacidade dirixidos especificamente a atención da infancia e xuventude.
14. Desenvolver programas e actividades dentro da propia discapacidade dirixidos especificamente a atención das persoas maiores e persoas con enfermidades crónicas.



15. Desenvolver programas e actividades dentro da propia discapacidade dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
16. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
17. Promover e por en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
18. Promover e por en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de ocio orientadas as persoas con discapacidade.
19. Promover e por en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
20. Calquera outro que, de maneira directa ou indirecta, poida contribuír o cumprimento da misión da Federación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

### **Artigo 8** Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins, a Federación poderá:

- a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e o seu entorno.
- c) Incorporarse a confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter autonómico, estatal ou internacional, que poidan ser de utilidade para conseguir os fins da Federación.
- d) Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento asociativo.
- e) Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sustento económico do movemento asociativo.
- g) Integración, creación e promoción de centros, educativos, ocupacionais, profesionais; residenciais, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, da cal a súa tipoloxía sexa autorizada pola Lei; na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme a lexislación vixente.
- h) A promoción de centros laborais incluídos os centros especiais de emprego participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados as súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme a lexislación vixente en todos os casos, priorizando:
  - os centros especiais de emprego, dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores discapacitados e/ou na labor social de dita asociación.
  - os centros especiais de emprego que adopten a forma xurídica de cooperativas ou sociedades laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente ós propios traballadores do centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó movemento asociativo.



- i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

## **CAPITULO II** **DOS MEMBROS**

### **Artigo 9** Dos membros

DISCAFIS-COGAMI constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presentes estatutos, todas as organizacións que o soliciten sempre que carezan expresamente de ánimo de lucro e compartan os principios e fins da Federación na defensa da plena integración das persoas con discapacidade.

### **Artigo 10** Dos tipos de membros

A Federación terá as seguintes clases de membros:

- a. Asociacións, Federacións ou Fundacións dedicadas exclusivamente a unha tipoloxía determinada, ou a algún campo específico para a promoción ou xestión de servizos para persoas con discapacidade, sempre que teñan presenza na provincia.
- b. Entidades de ámbito, comarcal, intercomarcal ou supramunicipal que sexan recoñecidas pola su capacidade de xestión e incidencia.

### **Artigo 11** Dos membros de honra e colaboradores

A Federación poderá ter presidencia de honra.

Así mesmo poderán ser nomeados membros de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins da Federación e do colectivo que representa.

Os membros de honra non estarán suxeitos as obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos salvo a súa asistencia a Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

As socias e socios colaboradores serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada coa Federación mediante a súa participación ou mediante aportacións económicas. Os socios e socias colaboradoras non son titulares de obrigas nin de dereitos.

### **Artigo 12** Da dobre afiliación

Todas as entidades que directa ou indirectamente sexan membros de DISCAFIS-COGAMI, non poderán ser membros doutras entidades provinciais distintas as sinaladas no apartado a) do artigo 10.



### **Artigo 13**

#### Dos ingresos e baixas

O ingreso na Federación como membro da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal ou estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada no correspondente expediente, que non poderá ser resolto sen audiencia da parte interesada.

### **Artigo 14**

#### Do procedemento de admisión

O procedemento de admisión será:

- a. Solicitud escrita da entidade interesada dirixida a Presidencia da Federación.
- b. Firma dun compromiso cos valores e fins da Federación
- c. Presentación da documentación esixida.
- d. Acordo da Xunta Directiva da Federación, mediante o voto favorable de, polo menos, os dous tercios dos votos presentes, que deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral.

### **Artigo 15**

#### Dos documentos de admisión

Documentación a presentar pola entidade:

- a. Copia autorizada dos estatutos correspondentes.
- b. Certificación relativa ó número co que foi inscrita no rexistro correspondente.
- c. Relación dos compoñentes da Xunta Directiva.
- d. Memoria de actividades e do balance económico dos tres últimos anos aprobado polos órganos correspondentes, salvo as entidades de nova creación que presentarán o último exercicio.
- e. Acordo de integración na Federación adoptado polo órgano correspondente.
- f. Relación das asociacións integrantes ou do número de persoas asociadas.

A Xunta Directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que consideren necesaria.

### **Artigo 16**

#### Do número de membros

Non se establece un número máximo de membros da Federación.

### **Artigo 17**

#### Dos deberes

1. Cumprir canto se dispón nos presentes estatutos.
2. Actuar de maneira acorde cos principios e valores da Federación e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
3. Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de Goberno da Federación.
4. Asistir as Asembleas Xerais.
5. Aportar toda a documentación relativa á entidade requirida pola Xunta Directiva.
6. Contribuír ó sostemento da Federación, aportando para elo os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
7. Presentar informes de auditoría a petición da Xunta Directiva, previa xustificación.





### **Artigo 18** Dos dereitos

- a. Formar parte dos órganos de participación e dirección que se establezan nestes estatutos
- b. Participar nas Asembleas Xerais nas condicións que se determinan nos estatutos.
- c. Utilizar a imaxe de DISCAFIS-COGAMI, previa autorización da Xunta Directiva.
- d. Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola Federación, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- e. Ser informados oportunamente das actuacións da federación.
- f. Ser apoiados pola Federación nas iniciativas que se crean oportunas.
- g. Utilizar os servizos de toda índole que se creen na Federación.

### **Artigo 19** Do réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral da federación poderá establecer un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan imporse ós membros que vulneren os presentes estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

### **Artigo 20** Da perda da condición de membro

Poderá perderse a condición de membro da Federación por:

- a. Decisión voluntaria, manifestada por escrito.
- b. Por causa ou disposición legal.
- c. Por expulsión, a causa de:
  - incumprimento grave do previsto nos presentes estatutos.
  - reiterado incumprimento dos acordos adoptados por os órganos de goberno.
  - desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses da Federación.
  - non por a disposición da Federación a información ou documentación requirida polos órganos de goberno.
  - utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión como membro da Federación só poderá producirse previa audiencia da Entidade da que se trate, terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral e levará aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de membro.



## **CAPÍTULO III** **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 21**

Dos órganos de Gobierno

A Federación rexerese polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos colexiados:

- Asemblea Xeral.
- Xunta Directiva.
- Comisión Permanente.

### **Artigo 22**

Da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de Gobierno da Federación e estará integrada por:

- un representante de cada unha das entidades membro.
- todas as persoas compoñentes da Xunta Directiva da Federación. A Presidencia e a Secretaría da Xunta Directiva o serán da Asemblea Xeral.

### **Artigo 23**

Delegación

A asistencia e participación na asemblea xeral son indelegables.

### **Artigo 24**

Participación na Asemblea

- a. Todas as entidades membro da Federación terán dereito a voz e un voto.
- b. As persoas compoñentes da Xunta Directiva só porán ter dereito a voto nas Asembleas cando representen as súas asociacións.
- c. Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directamente ou indirectamente, mediante o seu cónxuxe ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado inclusive, estean relacionadas co Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.
- d. Poderán asistir as reunións das Asembleas, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitados, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes, para as decisións deste órgano.

### **Artigo 25**

Funcións da Asemblea Xeral

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aprobar os plans de actuación da Federación.
2. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales presupostos e as disposicións de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar os diversos membros.



4. Examinar e, no seu caso, aprobar a memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
5. Exercer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolucións sobre os asuntos que figuren na Orde do Día **ou** que se susciten co apoio dos dous tercios dos votos presentes.
7. Aprobar a modificación de estatutos.
8. Ratificar a incorporación ou expulsión de membros da Federación.
9. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes estatutos.
10. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre unha ou máis das entidades membros e calquera órgano da Federación, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos da federación.
11. Acordar a disolución da Federación.

## **Artigo 26**

### Clases de Asemblea e a súa convocatoria

A Asemblea Xeral reunirse ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta directiva ou o soliciten, polo menos, o 25 por cento dos membros da Federación, a cal deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordado pola Xunta Directiva no que, no seu caso, deberán incluírse todos os asuntos propostos polo 25 por cento dos membros que solicitaran a Asemblea. A convocatoria comunicarse os membros da Federación cunha antelación mínima de 15 días, por correo ordinario, por correo certificado ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación das persoas asistentes e a permanente comunicación entre elas.

Corresponde a Presidencia apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a este modo excepcional de celebración. A convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas as persoas acreditadas que desexen participar na asemblea teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún
- quede debida constancia da identidade das persoas asistentes. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo da persoa acreditada, ou por exhibición a través da webcam dun documento de identificación.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre a persoa acreditada e a entidade, a Presidencia procederá a declarar a suspensión da asemblea comunicando as persoas a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Día proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.



## **Artigo 27**

### Dos acordos da Asemblea Xeral

A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran na mesma a metade máis un dos seus membros por si ou por representante debidamente autorizado e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros asistentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán mediar, polo menos, media hora.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos a disposición ou illamento de bens inmoables, modificación de estatutos e disolución da federación requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous tercios dos votos asistentes.

De toda Asemblea xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos a acta deberá estar subscripta pola Secretaría e a Presidencia.

As certificacións de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contidos se expedirán, cando proceda coa firma da secretaría e o visto bo da Presidencia.

## **Artigo 28**

### Da Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación da Federación.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- e. Presidencia
- f. Vicepresidencia
- g. Secretaría
- h. Tesourería
- i. Vocais, nun número nunca inferior a catro.

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de persoa asociada dunha das entidades membro da Federación.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

No caso de prestar servizos para a entidade persoas con relación de parentesco por sanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, das persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.



Todos as persoas membro da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a presidencia poderá exercer un voto de calidade.

### **Artigo 29** Da Duración

Os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.

Si se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas nun prazo máximo de corenta e cinco días.

Mentres o número de baixas non sexa inferior a metade máis un, os membros cesantes serán reemprazados na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

### **Artigo 30** Da elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto:

- a. As candidaturas serán presentadas en listas cerradas e elixidas por maioría absoluta, no caso de presentarse máis dunha candidatura; será elixida a máis votada.
- b. As votacións serán a man alzada, a non ser que a maioría dos asistentes da Asemblea solicite o voto secreto.
- c. Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

### **Artigo 31** Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

- a. Executar a política da Federación e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- b. Administrar o patrimonio da Federación.
- c. Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados desde a propia Federación.
- d. Acordar a suspensión temporal dos dereitos dunha entidade membro.
- e. Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
- f. Cubrir con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- g. Nomear presidencia e membros de honra, así como admitir os socios e socias colaboradores.
- h. Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime adecuado.
- i. Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- j. Plantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Federación e que non estea reservado legal o estatutariamente a Asemblea Xeral.
- k. En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da Federación dos que deberá dar conta a Asemblea.
- l. Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre entidades membro da Federación. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión para elo que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- m. Interpretar os presentes Estatutos.



### **Artigo 32**

#### Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, polo menos, catro veces ó ano preferentemente unha vez cada trimestre ou cando o decida a Presidencia por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes.

O cargo de persoa directiva osténtase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola Presidencia da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, con antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá a Presidencia, a proposta da secretaría, quen terá en conta, no seu caso, as peticións das demais persoas membro.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou o Presidente ou Presidenta, poderán acudir a reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesores.

O disposto no Artigo 26 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.

### **Artigo 33**

#### Comisión Permanente

A Comisión Permanente estará formada polas persoas que ostenten a Presidencia, Secretaría Xeral, Tesouraría e os membros que a Presidencia estime oportunos, dependendo dos temas a tratar, que serán confirmados nunha Asemblea.

As reunións da Comisión Permanente serán convocadas pola Presidencia de DISCAFIS-COGAMI, sempre e cando o estime oportuno.

Os acordos tomados poderán ser referentes ós temas diarios para o bo funcionamento da Asociación, e non se poderán tomar acordos cuxa decisión estea encomendada a Xunta Directiva ou Asemblea Xeral segundo os Estatutos.

### **Artigo 34**

#### Comisión de Ética

Crearase unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non á Federación, designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade, a de velar por que as actuacións tanto da propia Federación, como as dos seus membros a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.



### **Artigo 35** Da Presidencia

Son funcións da Presidencia:

- a. Representar oficialmente á Federación.
- b. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente.
- c. Nomear a calquera persoa como Asesor, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas adecuadas e con obrigaición de informar a Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes sen ningún caso.
- d. Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como extraordinarias.
- e. Ordenar os pagos con cargo ós fondos da Federación. Leva a firma social conxuntamente co Secretario ou o Tesoureiro.
- f. A retirada dos fondos da Federación depositados en entidades bancarias para o que necesitará a firma da Secretaría ou da Tesouraría.
- g. Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- h. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- i. Subscribir contratos en nome da Federación, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opoñer excepcións ante os órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese para os fins da Federación.
- j. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da Federación.
- k. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

### **Artigo 36** Da Vicepresidencia

A vicepresidencia substituirá temporalmente a presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións da Presidencia que este delegue expresamente nesta.

No caso de substitución definitiva, esta será ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para prazo máximo de corenta e cinco días.

### **Artigo 37** Da Secretaría

Corresponde a Secretaría:

- a. Custodiar os libros, documentos e selo da Federación, excepto os libros de contabilidade.
- b. Levar o libro de rexistro de Socios e Socias.
- c. Redactar as actas das Asembleas Xerais e de Xunta Directiva
- d. Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos da federación co visto bo da Presidencia.



- e. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a firma da Presidencia.
- f. Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, se enviarán as Actas e a Orde do Día con 15 días de antelación como mínimo.
- g. Responsabilizarse, xunto coa Presidencia, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da Federación.
- h. A organización dos servizos técnicos da Federación.
- i. Impulso e control do funcionamento da Federación.
- j. A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación da Presidencia. As facultades mais amplas que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción ou pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais ou árbitros; e, expresamente, para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allanarse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que poidan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal. A tales efectos poderá nomear e apoderar ós avogados e procuradores que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta á Xunta Directiva na primeira reunión que teña lugar.
- k. Se responsabilizará de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, da Federación

### **Artigo 38** Da Tesouraría

Corresponde a Tesouraría:

- 1. Custodiar e levar libros de contabilidade.
- 2. Comunicar inmediatamente a Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos, e en xeral, na xestión económica da Federación.
- 3. Custodiar os fondos da Federación, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da Federación. Para dispoñer dos fondos da Federación, necesitará da firma da Presidencia.
- 4. Farase cargo das cantidades que se ingresen na Federación, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
- 5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da Presidencia.
- 6. Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
- 7. Cobrará as cotas dos socios e socias.
- 8. Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.

## **CAPÍTULO IV** DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

### **Artigo 39** Das Impugnacións

- 1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da Federación, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou con competencia dos asuntos propostos na Orde do Día e, salvo





que a Presidencia estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.

2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados ante a mesa no prazo máximo de 15 días desde que tiveran coñecemento de dito acordo os ausentes na reunión. Quen estivera presente disporá do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto.

3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

#### **Artigo 40** Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles ante a Asemblea Xeral no prazo de 15 días.

2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva sustanciaranse ante os tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a lei determina.

### **CAPÍTULO V** DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

#### **Artigo 41** Recursos económicos

Para atender os seus fins, a Federación contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan os membros, si se establecen.
2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, mobles e inmobles.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra aportación que obteña para ser destinada o cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional de DISCAFIS-COGAMI é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 euros).

#### **Artigo 42** Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

1. Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva.
2. Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

#### **Artigo 43** Pago de cotas

As cotas deberán ser abonadas no prazo dun mes a partir da aprobación do presuposto anual correspondente, ou ó finalizar o prazo fixado cando foran extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os membros que, nos prazos previstos no párrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspóndete ó ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.



Sen embargo, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión a inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

#### **Artigo 44**

##### Do orzamento

A Federación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de presuposto será elaborado pola Tesouraría da Federación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria o exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, se elaborarán as cotas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das Entidades, durante un prazo non inferior a 15 días o sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

### **CAPITULO VI** DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

#### **Artigo 45**

##### Procedemento de modificación

Os Estatutos da Federación só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinaria, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría dos membros da Federación, mediante escrito razoado dirixido a Xunta Directiva.

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría dos dous tercios dos membros presentes.

### **CAPITULO VII** DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

#### **Artigo 46**

##### Da Disolución

A Federación poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- a) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- b) Por sentenza xudicial firme.
- c) Por vontade dos dous tercios dos membros manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto.

#### **Artigo 47**

##### Comisión liquidadora

Acordada a disolución da Federación pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá a liquidación do patrimonio da Federación.

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis comisarios elixidos pola mesma entre os asociados das Entidades Membro.

### **Artigo 48**

Da Asemblea Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de facultades que tiña con anterioridade o acordo de disolución.

### **Artigo 49**

Do Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas todas as obrigas pendentes que sexan da Federación, o sobrante de fondos que resultase pasarán a formar parte do patrimonio das entidades que designe a Asemblea Xeral, que poderá ceder en uso a aquelas entidades sen ánimo de lucro de persoas con discapacidade do país galego que defendan os principios fundamentais destes estatutos.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo o non previsto nos presentes estatutos aplicarás a vixente lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do dereito de Asociación.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data 17/06/2020 e coas maiorías previstas nos estatutos da Federación e na lexislación vixente que resulta de aplicación.

Laura Quintas Lorenzo  
Presidenta  
DNI: 76720274-W

Mónica Limia Andrade  
Secretaria  
DNI:34991950-A